

## ACTA NÚMERO: 24/2022

### ACTA DA REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN DO DÍA 23 DE XUÑO DE 2022.

Na sala de comisións do Pazo Provincial sendo as 10 horas e 30 minutos do día 23 de xuño de 2022 reúnense os membros da Mesa de Contratación que a continuación se relacionan:

**Presidente:** Don Gregorio Agís Gómez, Deputado do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE.

#### **Vogais da Mesa de Contratación:**

- D. Miguel Adolfo Domínguez Alfonso, Deputado do Grupo Provincial do PP
- D. José Luis Mato Rodríguez, Vicesecretario da Deputación
- Dona Inés Vereterra Gutiérrez-Maturana, Xefa do Servizo de Fiscalización e Asesoramento da Deputación.
- D. Francisco Alonso Fernández, Xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais.
- D. José Antonio Gulías Varela, Técnico de Xestión do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.
- Dona Yolanda Lois Peón, Técnica de Xestión Documental do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

**Secretario:** D. Pablo Montero Carrera, Xefe do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

#### **ORDE DO DÍA:**

1. *Aprobación da acta da reunión anterior do día 16 de xuño de 2022 (Reunión 23/2022).*
2. *Dar conta da oferta presentada pola empresa, Play Plan Cultural S.L.U. para optar á adxudicación do procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para contratación do patrocinio publicitario do Festival "SonRías Baixas 2022", a celebrar no municipio de Bueu os días, 4,5 e 6 de agosto de 2022.. (Expte.- 2022032338).*
3. *Dar conta da oferta presentada pola empresa, Sinsal Audio SL. para optar á adxudicación do procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para contratación do patrocinio publicitario do Festival Son Estrella Galicia 2022, a celebrar na Illa de San Simón, no municipio de Redondela, os días 22, 23 e 24 de xullo de 2022. (Expte.- 2022037675).*
4. *Proposta de adxudicación do procedemento aberto seguido para a contratación do servizo de soporte e mantemento da infraestrutura de almacenamento de cabinas UNITY da Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2022009455).*
5. *Proposta de adxudicación do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de realización, execución, explotación do plan de aforos e estudo de accidentalidade. (Expte.- 2021064703).*
6. *Apertura electrónica dos sobres "A", correspondentes á documentación administrativa do procedemento aberto convocado para a subministración de packaging sustentable e reutilizable dos proxectos "DA TÚA MAN" dentro da liña de axudas para o apoio a mercados, zonas urbanas comerciais, comercio non sedentario e canles cortos de comercialización e "COMMERCE INSIDE" dentro da liña de axudas para o fortalecemento da actividade comercial en zonas turísticas, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola UE\_ NEXT GENERATION EU. (Expte.- 2022034965).*
7. *Apertura electrónica dos sobres "B", correspondentes á documentación avaliable mediante criterios automáticos do procedemento aberto convocado para a subministración de packaging sustentable e reutilizable dos proxectos "DA TÚA MAN" dentro da liña de axudas para o apoio a mercados, zonas urbanas comerciais, comercio non sedentario e canles cortos de comercialización e "COMMERCE INSIDE" dentro da liña de axudas para o fortalecemento da actividade comercial en zonas turísticas, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola UE\_ NEXT GENERATION EU. (Expte.- 2022034965).*



8. *Aprobación das valoracións técnicas dos sobres "B" correspondentes á documentación avaliable mediante xuízos de valor do procedemento aberto convocado para a contratación do deseño e lanzamento de campañas de comunicación en soportes dixitais do proxecto "Da túa man" dentro da liña de axudas para o apoio a mercados, zonas urbanas comerciais, comercio non sedentario e canles cortos de comercialización no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU. (Expte.- 2022030223)*
9. *Apertura electrónica dos sobres "C" correspondentes á documentación avaliable mediante criterios automáticos do procedemento aberto convocado para a contratación do Deseño e lanzamento de campañas de comunicación en soportes dixitais do proxecto "Da túa man" dentro da liña de axudas para o apoio a mercados, zonas urbanas comerciais, comercio non sedentario e canles cortos de comercialización no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU (Expte.- 2022030223)*
10. *Apertura electrónica dos sobres "A", correspondente á documentación administrativa do procedemento aberto convocado para contratación da implantación e mantemento da Plataforma de comercio intelixente de Pontevedra e as súas verticais, mediante procedemento aberto, dentro dos proxectos "Commerce Inside" e "Da túa man" enmarcados no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiados pola Unión Europea - Next Generation. (Expte.- 2022035109)*
11. *Apertura electrónica dos sobres "B" de documentación correspondente aos criterios avaliables mediante xuízos de valor do procedemento aberto convocado para a contratación da implantación e mantemento da Plataforma de comercio intelixente de Pontevedra e as súas verticais, mediante procedemento aberto, dentro dos proxectos "Commerce Inside" e "Da túa man" enmarcados no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiados pola Unión Europea - Next Generation . (Expte.- 2022035109)*
12. *Apertura electrónica dos sobres "A", correspondente á documentación administrativa do procedemento aberto convocado para contratación da subministración de zonas de descanso verdes e illas ecolóxicas dos proxectos "Da túa man" dentro da liña de axudas para o apoio a mercados, zonas urbanas comerciais, comercio non sedentario e canles cortos de comercialización e "Commerce Inside" dentro da liña de axudas para o fortalecemento da actividade comercial en zonas turísticas, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia – financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU. (Expte.- 2022029400)*
13. *Apertura electrónica dos sobres "B" de documentación correspondente aos criterios avaliables mediante criterios automáticos do procedemento aberto convocado para a contratación da subministración de zonas de descanso verdes e illas ecolóxicas dos proxectos "Da túa man" dentro da liña de axudas para o apoio a mercados, zonas urbanas comerciais, comercio non sedentario e canles cortos de comercialización e "Commerce Inside" dentro da liña de axudas para o fortalecemento da actividade comercial en zonas turísticas, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia – financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU (Expte.- 2022029400)*
14. *Apertura electrónica dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa do procedemento de poxa pública convocado para o alleamento do leite cru producido pola gandería da Finca Mouriscade. (Expte.- 2022034725).*
15. *Apertura electrónica dos sobres "B" correspondente a documentación avaliable mediante criterios automáticos do procedemento de poxa pública convocado para o alleamento do leite cru producido pola gandería da Finca Mouriscade. (Expte.- 2022034725).*

Non asisten os vogais permanentes da Mesa de Contratación, D. Uxío Benítez Fernández, Deputado do Grupo Provincial do BNG e D Gabriel Rodríguez Alonso, Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal.

Declarada aberta a reunión da Mesa de Contratación de orde da Presidencia, os asistentes manifestan que non teñen directa ou indirectamente un interese financeiro, económico ou persoal que comprometa a súa imparcialidade e independencia sobre os asuntos que figuran na orde do día e que ao obxecto de garantir a súa imparcialidade ratifican a declaración de ausencia de conflito de intereses (DACI) asinada e que consta en cada uns dos expedientes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia – financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU. Os Deputados, Gregorio Agís Gómez, do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE, e Miguel Adolfo Domínguez Alfonso, do Grupo Provincial do PP, manifestan que van asinar a citada declaración de ausencia de conflito de intereses (DACI).



**1. Aprobación da acta da reunión anterior do día 16 de xuño de 2022 (Reunión 23/2022).**

Os membros que forman parte da Mesa de Contratación que estiveron presentes na reunión votan a favor da aprobación da acta da reunión anterior do día, 16 de xuño de 2022 (Reunión 23/2022).

**2. Dar conta da oferta presentada pola empresa, Play Plan Cultural S.L.U. para optar á adxudicación do procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para contratación do patrocinio publicitario do Festival “SonRías Baixas 2022”, a celebrar no municipio de Bueu os días, 4,5 e 6 de agosto de 2022.. (Expte.- 2022032338).**

Por Resolución Presidencial número 2022004382 de data 07/06/2022, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, do patrocinio publicitario do festival SonRías Baixas 2022, a celebrar no municipio de Bueu os días, 4,5 e 6 de agosto de 2022.

Na citada resolución tamén se procedeu a invitar á empresa Play Plan Cultural S.L.U. (B94168705) a presentar proposición, no caso de estar interesada, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 10 días naturais, contado desde a data do envío da invitación a través da plataforma licitación electrónica (VORTAL), que se produce o día 07/06/2022.

A empresa Play Plan Cultural S.L.U. (B94168705) presentou a proposición con data 16/06/2022 e unha vez examinada a documentación, a empresa resultou admitida no procedemento.

A oferta económica presentada foi a seguinte:

Importe ofertado sen IVE	37.000,00 €
IVE (21 %)	7.770,00 €
Importe ofertado con IVE	44.770,00 €

A Mesa de Contratación queda enterada da oferta presentada pola empresa, Play Plan Cultural S.L.U. (B94168705) no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación do patrocinio publicitario do festival SonRías Baixas 2022, a celebrar no municipio de Bueu os días, 4,5 e 6 de agosto de 2022.

**3. Dar conta da oferta presentada pola empresa, SinsaL Audio SL. para optar á adxudicación do procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para contratación do patrocinio publicitario do Festival Son Estrella Galicia 2022,a celebrar na Illa de San Simón, no**



***municipio de Redondela, os días 22, 23 e 24 de xullo de 2022. (Expte.-2022037675).***

Por Resolución Presidencial número 2022004438 de data 09/06/2022, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, do patrocinio publicitario do Festival SINSAL SON ESTRELLA GALICIA 2022, a celebrar na Illa de San Simón, no municipio de Redondela, os días 22, 23 e 24 de xullo de 2022.

Na citada resolución tamén se procedeu a invitar á empresa SINSAL AUDIO S.L. (B36898369) a presentar proposición, no caso de estar interesada, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 10 días naturais, contado desde a data do envío da invitación a través da plataforma licitación electrónica (VORTAL), que se produce o día 09/06/2022.

A empresa SINSAL AUDIO S.L. (B36898369) presentou a proposición con data 18/06/2022 e unha vez examinada a documentación, a empresa resultou admitida no procedemento.

A oferta económica presentada foi a seguinte:

Importe ofertado sen IVE	26.000,00 €
IVE (21 %)	5.460,00 €
Importe ofertado con IVE	31.460,00 €

A Mesa de Contratación queda enterada da oferta presentada pola empresa SINSAL AUDIO S.L. (B36898369) no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación do patrocinio publicitario do Festival SINSAL SON ESTRELLA GALICIA 2022, a celebrar na Illa de San Simón, no municipio de Redondela, os días 22, 23 e 24 de xullo de 2022.

***4. Proposta de adjudicación do procedemento aberto seguido para a contratación do servizo de soporte e mantemento da infraestrutura de almacenamento de cabinas UNITY da Deputación de Pontevedra. (Expte.-2022009455).***

O Sr. Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de data 22 de abril de 2022 aprobouse o expediente de contratación para adjudicación, mediante procedemento aberto, do “*Servizo de soporte e mantemento da infraestrutura de almacenamento de cabinas UNITY da Deputación de Pontevedra*”. O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 28 de abril de 2022. Así mesmo, publicouse na mesma data os



pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

As empresas admitidas foron as seguintes:

- INTERNACIONAL PERIFERICOS Y MEMORIAS ESPAÑA SL (C.I.F.: B62758602)

A Mesa de Contratación na reunión do día 2 xuño de 2022 procedeu á apertura dos sobres “B”, documentación técnica, aportada polos licitadores ó procedemento convocado para a contratación do referido servizo, remitíndose dita documentación ó servizo de Novas Tecnoloxías para á súa valoración.

O Xefe do Servizo de Novas Tecnoloxías, con data 14 de xuño de 2022, emitiu informe relativo a valoración da documentación técnica presentada polos licitadores figurando as empresas admitidas co seguinte resultado:

Empresa	Puntuación sobre B
INTERNACIONAL PERIFERICOS Y MEMORIAS ESPAÑA SL (B62758602)	16 puntos

A Mesa de Contratación na sesión que tivo lugar o día 16 de xuño de 2022, a vista do informe emitido polo Xefe dos Servizos Técnicos de Mobilidade, deu a coñecer a ponderación asignada á proposta técnica de cada empresa, e procedeu á apertura dos sobres C, oferta económica, co seguinte resultado:

O valores ofertados foron os seguintes:

**INTERNACIONAL PERIFERICOS Y MEMORIAS ESPAÑA SL. (CIF: B62758602):**

- Prezo ofertado sen IVE: 95.990,00 €
- Ampliación de acordos de nivel de servizo

Tempos de resolución segundo criticidade da incidencia			
Tipo de equipamento	Tempo de resolución máximo	Coefficiente de puntuación	Tempo de resolución ofertado (horas) A completar polo licitador
<b>Crítica</b>	4 horas	0.25	4 horas
<b>Alta</b>	8 horas	0.25	8 horas
<b>Media</b>	16 horas	0.15	16 horas
<b>Baixa</b>	24 horas	0.10	24 horas

**Tempos de resposta presencial para incidencias críticas**



Criticidade	Tempo de resolución máximo	Coefficiente de puntuación	Tempo de resolución ofertado (horas) A completar polo licitador
<b>Crítica</b>	2 horas	0.25	2 horas

As puntuacións obtidas foron as seguintes:

LICITADOR	SOBRE "C"
INTERNACIONAL PERIFERICOS Y MEMORIAS ESPAÑA SL (B62758602)	53,776 Puntos

A Mesa acorda:

- 1) Aprobar a clasificación das ofertas presentadas polas empresas o procedemento aberto convocado para contratación do **"Servizo de soporte e mantemento da infraestrutura de almacenamento de cabinas UNITY da Deputación de Pontevedra"**, que queda da seguinte forma:

POSICIÓN	LICITADOR	SOBRE "B"	SOBRE "C"	PUNTUACIÓN TOTAL
1ª	INTERNACIONAL PERIFERICOS Y MEMORIAS ESPAÑA SL (B62758602)	16 puntos	53,776 puntos	69,776 puntos

- 2) Propor ó órgano de contratación, neste caso a Xunta de Goberno, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación o procedemento aberto convocado para contratación do "Servizo de soporte e mantemento da infraestrutura de almacenamento de cabinas UNITY da Deputación de Pontevedra.", a empresa INTERNACIONAL PERIFERICOS Y MEMORIAS ESPAÑA SL (B62758602), que acada a máxima puntuación, de acordo cos criterios de adxudicación que figuran no prego que rixe no procedemento, polo prezo ofertado de 116.147,90 € IVE engadido, e de acordo co seguinte detalle:

1. Prezo ofertado sen IVE: 95.990,00 €
2. Ampliación de acordos de nivel de servizo

<b>Tempos de resolución segundo criticidade da incidencia</b>			
Tipo de equipamento	Tempo de resolución máximo	Coefficiente de puntuación	Tempo de resolución ofertado (horas) A completar polo licitador



<b>Crítica</b>	4 horas	0.25	4 horas
<b>Alta</b>	8 horas	0.25	8 horas
<b>Media</b>	16 horas	0.15	16 horas
<b>Baixa</b>	24 horas	0.10	24 horas

<b>Tempos de resposta presencial para incidencias críticas</b>			
<b>Criticidade</b>	<b>Tempo de resolución máximo</b>	<b>Coefficiente de puntuación</b>	<b>Tempo de resolución ofertado (horas) A completar polo licitador</b>
<b>Crítica</b>	2 horas	0.25	2 horas

**5. Proposta de adxudicación do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de realización, execución, explotación do plan de aforos e estudo de accidentalidade. (Expte.- 2021064703).**

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo da Xunta de Goberno adoptado na sesión do día 6 de maio de 2022, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, do servizo de realización, execución, explotación do Plan de Aforos e estudo de accidentalidade.

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 6/05/2022. Así mesmo, publicouse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

Finalizado o prazo para presentar as ofertas, a Mesa de Contratación na reunión do día 2 de xuño de 2022, procedeu á apertura electrónica dos sobres A correspondentes a documentación administrativa e do sobre B documentación avaliable mediante xuízos de valor, presentada polas empresas que participan neste procedemento, acordando a Mesa de Contratación admitir as seguintes empresas:

- ANTEA IBEROLATAM S.L.U. (B-15080849)
- MCRIT S.L.(B-58677428) E COUNT TRANSPORT S.L.(B-64445414)

Así mesmo a Mesa de Contratación na reunión do día 2 xuño de 2022 tamén acordou trasladar a documentación técnica descargada dos sobres “B” que presentaron as empresas admitidas ao Servizo de Infraestruturas, ao obxecto de que os técnicos do mesmo, avaliasen e ponderasen as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto.



O Xefe dos Servizos Técnicos de Infraestructuras e Vías Provincias con data 9/06/2022, emitiu informe relativo á valoración da documentación técnica presentada polas empresas licitadoras, sendo as puntuacións obtidas as seguintes:

EMPRESAS LICITADORAS	Mellora técnica dos traballos a realizar	Programa de traballos	Puntuación total
ANTEA IBEROLATAM SLU	30,00	15,00	45,00
UTE: COUNT TRANSPORT S.L.-MCRIT S.L.	22,50	6,25	28,75

A Mesa de contratación na reunión do día 16/06/2022 en base ao citado informe acordou prestar conformidade as puntuacións acadadas polas empresas, chegando ambos licitadores a acadar unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima nos criterios de valoración mediante xuízos de valor exisida para para proceder á apertura e valoración das propostas do sobre "C".

As propostas económicas presentadas nos sobres "C" polas empresas foron as seguintes:

Empresa:

U.T. E Mcrit, S.L. \_COUNT TRANSPORT S.L.

**1. Precio ofertado:**

Importe sin IVA:	134.816,69 €
IVA (21 %):	28.311,50 €
Importe total ofertado:	163.128,19 €

**2. Otros criterios de adjudicación:**

	SÍ	NO
Acreditación de un sistema de control de calidad en el desarrollo de los trabajos objeto del contrato (UNE-EN ISO 9001)	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
	SÍ	NO
Acreditación de un sistema de control ambiental en la ejecución de los trabajos objeto del contrato (UNE-EN ISO 14001)	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>

ANTEA IBEROLATAM S.L.U. (B15080849)



**1.- Precio ofertado:**

Importe sin IVA:	150.000,00 €
IVA (21%)	31.500,00 €
Importe total ofertado:	181.500,00 €

**2.- Otros criterios de adjudicación:**

	SÍ	NO
Acreditación de un sistema de control de calidad en el desarrollo de los trabajos objeto del contrato (UNE-EN-ISO 9001)	X	
	SÍ	NO
Acreditación de un sistema de control ambiental en la ejecución de los trabajos objeto del contrato (UNE-EN ISO 14001)	X	

Feitas as valoracións de acordo cos criterios establecidos nos pregos a puntuación obtida no sobre "C", foi a seguinte:

Empresas licitadoras	Puntuación sobre C
Antea Iberolatam s.l.	41,80
UTE Mcrit Count -Transport s.l.	55,00

A Mesa de Contratación acorda:

1. Aprobar a clasificación das ofertas presentadas e admitidas no procedemento aberto convocado para contratación do servizo de realización, execución, explotación do plan de aforos e estudo de accidentalidade, que queda da seguinte forma:

POSICIÓN	LICITADOR	SOBRE "B"	SOBRE "C"	PUNTUACIÓN TOTAL
1ª	Antea Iberolatam s.l.	45,00	41,80	<b>86,8€</b>
2ª	UTE Mcrit Count -Transport s.l.	28,75	55,00	<b>83,75</b>

2. Propor ó órgano de contratación, neste caso á Xunta de Goberno, unha vez efectuado e cumprimentado o requerimento da documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto, á empresa Antea Iberolatam S.L.de



acordo cos criterios de adxudicación que figuran no prego que rexe no procedemento, polo prezo ofertado de:

Importe sin IVA:	150.000,00 €
IVA (21%)	31.500,00 €
Importe total ofertado:	181.500,00 €

Oferta así mesmo a acreditación dun sistema de control de calidad no desenvolvemento dos traballo obxecto do contrato (UNE-EN-ISO 9001) e a acreditación dun sistema de control ambiental na execución dos traballos obxecto do contrato (UNE-EN ISO 14001).

**6. *Apertura electrónica dos sobres "A", correspondentes á documentación administrativa do procedemento aberto convocado para a subministración de packaging sustentable e reutilizable dos proxectos "DA TÚA MAN" dentro da liña de axudas para o apoio a mercados, zonas urbanas comerciais, comercio non sedentario e canles cortos de comercialización e "COMMERCE INSIDE" dentro da liña de axudas para o fortalecemento da actividade comercial en zonas turísticas, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola UE\_ NEXT GENERATION EU. (Expte.- 2022034965).***

O Sr. Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de data 3 de xuño de 2022 aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, trámite de urxencia, da subministración de packaging sustentable e reutilizable dos proxectos "DA TÚA MAN" dentro da liña de axudas para o apoio a mercados, zonas urbanas comerciais, comercio non sedentario e canles cortos de comercialización e "COMMERCE INSIDE" dentro da liña de axudas para o fortalecemento da actividade comercial en zonas turísticas, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola UE\_ NEXT GENERATION EU. O anuncio de licitación deste contrato enviouse ó Diario Oficial da Unión Europea con data 3 de xuño de 2022, aparecendo publicado o día 8 de xuño de 2022 (Anuncio de licitación 2022/S 109-308154), así mesmo publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 8 de xuño de 2022. Na mesma data tamén figuran publicados os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.



A clave privada deste procedemento permanece baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á mesa de contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación obsérvase que non existe ningunha empresa presentada dentro do prazo establecido ao efecto polo que a Mesa de Contratación acorda propor ao órgano de contratación que se declare deserto o procedemento aberto convocado para contratación da subministración de packaging sustentable e reutilizable dos proxectos “DA TÚA MAN” dentro da liña de axudas para o apoio a mercados, zonas urbanas comerciais, comercio non sedentario e canles cortos de comercialización e “COMMERCE INSIDE” dentro da liña de axudas para o fortalecemento da actividade comercial en zonas turísticas, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola UE\_ NEXT GENERATION EU, por non terse presentado ningunha empresa interesada na adxudicación deste contrato.

**7. *Apertura electrónica dos sobres "B", correspondentes á documentación avaliable mediante criterios automáticos do procedemento aberto convocado para a subministración de packaging sustentable e reutilizable dos proxectos “DA TÚA MAN” dentro da liña de axudas para o apoio a mercados, zonas urbanas comerciais, comercio non sedentario e canles cortos de comercialización e “COMMERCE INSIDE” dentro da liña de axudas para o fortalecemento da actividade comercial en zonas turísticas, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola UE\_ NEXT GENERATION EU. (Expte.- 2022034965).***

O Presidente decide retirar este asunto da orde do día por non terse presentado ningunha empresa interesada na adxudicación do procedemento aberto convocado para a subministración de packaging sustentable e reutilizable dos proxectos “DA TÚA MAN” dentro da liña de axudas para o apoio a mercados, zonas urbanas comerciais, comercio non sedentario e canles cortos de comercialización e “COMMERCE INSIDE” dentro da liña de axudas para o fortalecemento da actividade comercial en zonas turísticas, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola UE\_ NEXT GENERATION EU..

**8. *Aprobación das valoracións técnicas dos sobres "B" correspondentes á documentación avaliable mediante xuízos de valor do procedemento aberto convocado para a contratación do deseño e lanzamento de campañas de comunicación en soportes dixitais do proxecto “Da túa man” dentro da liña***



**de axudas para o apoio a mercados, zonas urbanas comerciais, comercio non sedentario e canles cortos de comercialización no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU. (Expte.- 2022030223)**

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por Resolución do Deputado Delegado da área de Réxime Interior, Economía, Facenda e ORAL, número 2022004160 de data 31 de maio de 2022 aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, trámite de urxencia, para a contratación do deseño e lanzamento de campañas de comunicación en soportes dixitais do proxecto “Da túa man” dentro da liña de axudas para o apoio a mercados, zonas urbanas comerciais, comercio non sedentario e canles cortos de comercialización no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU.

